

**Ano Santo Compostelano**  
*Vilagarcía de Arousa, 28 de maio de 2010*

**De:** Equipo de catequistas e cura párroco.

**A:** Pais ou titores.

**Asunto:** Excursión-festa final do ano catequético 2009-2010.

Benqueridos fregueses:

Di o noso refraneiro popular “Santa Rita trae a Galicia o verán”. E cumprese unha vez máis esta sabedoría cultural. Arrecende a primavera e nas parroquias, como nos colexios e outras institucións, “arrecende” tamén a “final” e a “meta”. Son semanas de moita actividade, tamén na nosa comunidade parroquial. Parece que foi onte cando dabamos o tiro de saída, alá en Setembro, e xa estamos en Xuño. As festas patronais en A Nosa Sra. da Xunqueira e as de S. Pedro de Fontecarmoa xa están á vista (finais de Xuño). Proximamente teremos as Confirmacións e xa estamos a preparar o campamento parroquial de finais de xullo. E entre tanta ocupación, exames e proxectos para o verán, queremos como xa é costume, pechar o curso catequético cunha excursión para os nen@s da catequese. Será o vindeiro domingo 20 de xuño ás terras e augas de A Coruña (Mazaricos, O Pindo e Carnota, Muros...). A excursión quere ser un día de festa e celebración, de convivencia e amizade, despois dun ano duro de traballo e esforzos compartidos. Este ano puxemos o GPS cara Fisterra.


O verán é un bo momento para desconectar e repoñer forzas. Neste sentido, as catequistas téñeno ben gañado: domingo a domingo, de modo desinteresado e xeneroso, fan un papel impagable e máis nestes tempos bonitos pero tamén difíciles (medio mundo está durmido os domingos cando elas están “dando el callo”). Grazas, por suposto, a vós, os pais, pola vosa complicidade e corresponsabilidade coa nosa comunidade. Que Deus vos bendiga.

Lembrámosvos xa, finalmente, algúns datos e datas de interese:


- O vindeiro 20 de Xuño, domingo, teremos a excursión- festa final de catequese, por augas e terras das Rías Altas. Ás 9,30h. teremos a misa e xusto despois, sairemos. Regresaremos aproximadamente ás 9 da noite. Traede bañador, sombreiro, comida e 7€ como axuda para os gastos da excursión.
- Os chicos que van ao campamento de verán, estade atentos os domingos aos avisos na misa (estade con cobertura).
- As inscricións de catequese para o vindeiro curso 2010-11 recolleranse a partir do domingo 12 de Setembro.
- A catequese dará comezo, de novo, o domingo 26 de Setembro.

Graciñas e bo verán.

Delegadas de catequistas:



O voso párroco:



Nós, os pais ..... autorizamos a nos@ fill@ ..... que está no curso ..... da catequese a participar na excursión que organizarán as parroquias de A Nosa Sra. da Xunqueira e S. Pedro de Fontecarmoa o vindeiro 20 de Xuño de 2010 por terras e augas de A Coruña.

O noso teléfono é .....  
En Vilagarcía de Arousa, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

Pai / Nai / Titor : (DNI)